

## IES de Ortigueira

De conformidade co establecido pola [RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024](#), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase neste Centro a renovación do C.E. que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Instituto.

A organización e a supervisión do procedemento de elección estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director do Centro.
- Un profesor/a
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno/a.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo público que preverá a designación de membros suplentes. Celebrarase o sorteo no centro o vindeiro día 18 de outubro de 2024, ás 12h 00 min.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo C.E. deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que publicará a Xunta electoral unha vez constituída.

Ortigueira 11 de outubro de 2024

O director